

**Disposición derradeira primeira.** *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

O parágrafo primeiro do número 1 do artigo 241 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, queda redactado nos seguintes termos:

«1. Non se admitirán con carácter xeral incidentes de nulidade de actuacións. No entanto, excepcionalmente, os que sexan parte lexítima ou o deberon ser poderán pedir por escrito que se declare a nulidade de actuacións fundada en calquera vulneración dun dereito fundamental dos referidos no artigo 53.2 da Constitución, sempre que non se puidese denunciar antes de recaer resolución que poña fin ao proceso e sempre que esa resolución non sexa susceptible de recurso ordinario nin extraordinario.»

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 24 de maio de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**10484** *ORDE EHA/1433/2007, do 17 de maio, pola que se aproban os modelos de declaración do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes correspondente a establecementos permanentes e a entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español, para os períodos impositivos iniciados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2006, se ditan instrucións relativas ao procedemento de declaración e ingreso e se establecen as condicións xerais e o procedemento para a súa presentación telemática. («BOE» 125, do 25-5-2007.)*

A Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006, aprobou dous novos programas de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, que son de aplicación aos acontecementos da celebración do «Ano Lebaniego 2006» e da celebración de «Expo Zaragoza 2008». Estes dous novos programas tiveron o seu reflexo nos

modelos de declaración do imposto que se aproban nesta orde.

Así mesmo, a Resolución do 8 de febreiro de 2006, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se aproban normas para o rexistro, valoración e información dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, describe as contas que con carácter voluntario, nos termos previstos no artigo 2 do Real decreto 1643/1990, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade, poden ser empregadas co obxecto de facilitar o rexistro das operacións que se recollen na devandita resolución. Para conseguir a correspondencia de contido das páxinas da declaración do imposto sobre sociedades destinadas ás contas anuais co Plan xeral de contabilidade, modifícase a páxina do modelo 200 destinada ao activo do balance co fin de recoller a nova conta referida aos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

A Lei 4/2006, do 29 de marzo, de adaptación do réxime das entidades navieiras en función da tonelaxe ás novas directrices comunitarias sobre axudas de Estado ao transporte marítimo e de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, e a Lei 25/2006, do 17 de xullo, pola que se modifica o réxime fiscal das reorganizacións empresariais e do sistema portuario e se aproban medidas tributarias para o financiamento sanitario e para o sector do transporte por estrada, introducen, entre outras, diversas modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo (en diante Lei do imposto sobre sociedades) que, ben que non fan necesaria unha adaptación dos modelos tributarios, si son de aplicación aos períodos impositivos que se declaran utilizando os modelos que se aproban nesta orde. En concreto, modifícase o réxime das entidades navieiras en función da tonelaxe regulada no capítulo XVII do título VII da Lei do imposto sobre sociedades para adaptalo ás novas directrices comunitarias sobre axudas de Estado ao transporte marítimo, modifícase o réxime da reserva para investimentos en Canarias, amplíase ás filiais de calquera nivel a aplicación da dedución por dobre imposición internacional regulada no artigo 32 da Lei do imposto sobre sociedades, incrementase do 10 ao 12 por cento a dedución por investimento ambiental no suposto de adquisición de vehículos industriais ou comerciais de transporte por estrada e modifícase o réxime das fusionés, escisións, achegas de activos, troco de valores regulado no capítulo VIII do título VII da Lei do imposto sobre sociedades por un lado, modificando o seu título para incluír a operación de traslado do domicilio social dunha sociedade anónima europea ou unha sociedade cooperativa europea dun Estado membro a outro da Unión Europea e, por outro, adaptando o devandito réxime ás modificacións introducidas pola Directiva 2005/19/CE do Consello, do 17 de febreiro, que modifica determinados aspectos da Directiva 90/434/CEE, do 23 de xullo, relativa ao réxime fiscal común aplicable ás fusionés, escisións, achegas de activos e trocos de accións realizados entre sociedades de diferentes Estados membros.

Así mesmo, a Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, introduce diversas modificacións na Lei do imposto sobre sociedades de efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir da súa entrada en vigor. En concreto, modifícase o réxime de operacións vinculadas e introdúcese determinadas cautelas en relación cos paraísos fiscais.

Igualmente, débese mencionar a Resolución 1/2006, do 15 de xuño, da Dirección Xeral de Tributos, sobre as limitacións á aplicación da dedución por actividades de exportación no imposto sobre sociedades a partir da Decisión da Comisión Europea do 22 de marzo de 2006,

en relación coa axuda de Estado n.º E22/2004-España, que dá eficacia á interpretación do artigo 37 da Lei do imposto sobre sociedades pola que se exclúen do ámbito da dedución fiscal regulada no devandito artigo 37 os actos ou negocios xurídicos relativos ao establecemento e á explotación dunha rede de distribución cuxa data de adopción sexa posterior ao día 21 de marzo de 2006.

Por outra banda, dentro do ámbito da presentación da declaración por aqueles suxeitos pasivos e sociedades dominantes ou entidades cabeceiras de grupos que tributen de forma conxunta á Administración do Estado, ás deputacións forais do País Vasco e á Comunidade Foral de Navarra, realízanse as seguintes modificacións. En primeiro lugar, coa finalidade de eliminar a posibilidade de que se produzan ingresos en Administración non competente e de que a presentación dos documentos de ingreso ou devolución se axusten á normativa procedemental aprobada pola Administración tributaria á cal lle corresponda a súa exacción, os documentos de ingreso e devolución que se aproban nesta orde só serán válidos para o ingreso ou solicitude de devolución da porcentaxe que lle corresponda á Administración do Estado; para realizar o ingreso ou solicitude de devolución da porcentaxe que lles corresponda ás administracións tributarias forais deberanse utilizar os documentos de ingreso ou devolución aprobados pola devanditas administracións tributarias, sen prexuízo de que se poidan presentar os modelos de declaración aprobados pola Administración do Estado nesta orde. En segundo lugar, co obxecto da simplificación do modelo 201, cando se deba tributar de forma conxunta a diferentes administracións tributarias, non se poderá utilizar o modelo 201. En terceiro e último lugar, coa finalidade de os declarantes sometidos a normativa foral utilizaren os modelos e forma de presentación establecidos nesta orde cando realicen a presentación da declaración á Administración do Estado, habílanse unhas claves no modelo 200 para que poidan recoller as especialidades da súa normativa específica.

Así mesmo, como modificación do modelo 200 deberase mencionar a desagregación, no ámbito das correccións ao resultado contable, da información relativa á deducibilidade do fondo de comercio financeiro regulada no artigo 12.5 da Lei do imposto sobre sociedades.

Polo que se refire ás formas de presentación da declaración, para os modelos 200 e 225 non se producen variacións respecto ás previstas no exercicio anterior. En relación co modelo 201, a experiencia na aplicación do procedemento de presentación por vía telemática das declaracións aconsella estender a obrigatoriedade da presentación por vía telemática pola internet ás declaracións do imposto sobre sociedades correspondentes ao devandito modelo para aqueles declarantes que teñan a forma de sociedade anónima ou sociedade de responsabilidade limitada. Así mesmo, polo que se refire ao modelo 220, incorpórase a posibilidade de presentación voluntaria por vía telemática, manténdose a presentación tradicional en papel pre-impreso.

En canto aos sobres de retorno, non se considera necesario aprobar novos sobres para a presentación das declaracións en que se utilicen os modelos pre-impresos 201, 225 e 220 que se aproban nesta orde. Así mesmo, considérase válido o sobre único aprobado para o Programa de axuda para a presentación das declaracións dos modelos 201 e 225 que se confeccionasen utilizando o devandito programa.

A disposición derradeira única do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, habilita o ministro de Economía e Facenda, entre outras autorizacións, para:

a) Aprobar o modelo de declaración polo imposto sobre sociedades e determinar os lugares e forma de presentación deste.

b) Aprobar a utilización de modalidades simplificadas ou especiais de declaración incluíndo a declaración consolidada dos grupos de sociedades.

c) Establecer os supostos en que se deberán presentar as declaracións por este imposto en soporte directamente lexible por ordenador ou por medios telemáticos.

d) Establecer os documentos ou xustificantes que deben acompañar a declaración.

e) Aprobar o modelo de información que deben render as agrupacións de interese económico, as unións temporais de empresas e as sociedades patrimoniais.

f) Ampliar, atendendo a razóns fundadas de carácter técnico, o prazo de presentación das declaracións tributarias establecidas na Lei do imposto e no seu regulamento cando esta presentación se efectúe por vía telemática.

O artigo 21 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo (en diante Lei do imposto sobre a renda de non-residentes), habilita o ministro de Facenda para determinar a forma e o lugar en que os establecementos permanentes deben presentar a correspondente declaración, así como a documentación que lle deben xuntar a esta. A disposición derradeira segunda desta mesma lei habilita o ministro de Facenda para aprobar os modelos de declaración deste imposto, para establecer a forma, lugar e prazos para a súa presentación, así como para establecer os supostos e as condicións de presentación destes por medios telemáticos.

A Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, no punto 4 do seu artigo 98 habilita o ministro de Facenda para que determine os supostos e condicións en que os obrigados tributarios deberán presentar por medios telemáticos as súas declaracións, autoliquidacións, comunicacións, solicitudes e calquera outro documento con transcendencia tributaria.

Por outra banda, o artigo 92 da Lei xeral tributaria habilita a Administración tributaria para sinalar os requisitos e condicións para que a colaboración social se realice mediante a utilización de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos.

Neste sentido, o artigo 57 do Regulamento do imposto sobre sociedades establece a forma de facer efectiva a colaboración social na presentación de declaracións por este imposto. A regulación da colaboración social na xestión dos tributos para a presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios desenvólvese máis amplamente no Real decreto 1377/2002, do 20 de decembro, polo que se desenvolve a colaboración social na xestión dos tributos para a presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios, e na Orde HAC/1398/2003, do 27 de maio, pola que se establecen os supostos e as condicións en que se poderá facer efectiva a colaboración social na xestión dos tributos e se estende esta expresamente á presentación telemática de determinados modelos de declaración e outros documentos tributarios. En consecuencia, as persoas ou entidades que, conforme as disposicións anteriores, estean autorizadas a presentar por vía telemática declaracións en representación de terceiras persoas, poderán facer uso desta facultade respecto das declaracións que se aproban por esta orde.

As habilitacións ao ministro de Facenda indicadas nesta orde débense entender conferidas ao ministro de Economía e Facenda, de acordo co disposto no artigo 5 e na disposición derradeira segunda do Real decreto 553/2004,

do 17 de abril, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais.

Na súa virtude dispoño:

**Artigo 1. *Aprobación dos modelos de declaración do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español).***

1. Apróbanse os modelos de declaración do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español) e os seus documentos de ingreso ou devolución, para os períodos impositivos iniciados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2006, consistentes en:

a) Declaracións do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español):

1.º Modelo 200 (formato electrónico): declaración do imposto sobre sociedades e imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español), que figura no anexo I desta orde.

2.º Modelo 201: declaración simplificada do imposto sobre sociedades e imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes), que figura no anexo II desta orde.

3.º Modelo 225: declaración do imposto sobre sociedades para sociedades patrimoniais, que figura no anexo III desta orde.

4.º Modelo 220: declaración do imposto sobre sociedades-réxime de consolidación fiscal correspondente aos grupos fiscais, que figura no anexo IV desta orde.

Cada un dos modelos 201, 225 e 220 consta dun exemplar para a Administración e outro para o declarante.

b) Documentos de ingreso ou devolución:

1.º Modelo 200: documento de ingreso ou devolución do imposto sobre sociedades, que figura no anexo I desta orde. O número de xustificante que deberá figurar no devandito modelo será un número secuencial cuxos tres primeiros díxitos se corresponderán co código 200.

2.º Modelo 201: documento de ingreso ou devolución do imposto sobre sociedades, que figura no anexo II desta orde. O número de xustificante que deberá figurar no devandito modelo será un número secuencial cuxos tres primeiros díxitos se corresponderán co código 201.

3.º Modelo 225: documento de ingreso ou devolución do imposto sobre sociedades (sociedades patrimoniais), que figura no anexo III desta orde. O número de xustificante que deberá figurar no devandito modelo será un número secuencial cuxos tres primeiros díxitos se corresponderán co código 225.

4.º Modelo 220: documento de ingreso ou devolución do imposto sobre sociedades-réxime de consolidación fiscal, que figura no anexo IV desta orde. O número de xustificante que deberá figurar no devandito modelo será un número secuencial cuxos tres primeiros díxitos se corresponderán co código 220.

5.º Modelo 206: documentos de ingreso ou devolución do imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza

en territorio español), que figuran nos anexos I e II desta orde. O número de xustificante que deberá figurar no devandito modelo será un número secuencial cuxos tres primeiros díxitos se corresponderán co código 206.

Cada un dos documentos de ingreso ou devolución consta dun exemplar para a Administración, outro para o declarante e outro para a entidade colaboradora.

2. O modelo 200, que figura como anexo I desta orde, é aplicable, con carácter xeral, a todos os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades e a todos os contribuíntes polo imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español) obrigados a presentar e subscribir a declaración por calquera destes impostos, e o seu uso é obrigatorio para aqueles que non deban utilizar o modelo 225 e non poidan utilizar o modelo 201.

3. O modelo 225, que figura como anexo III desta orde, é aplicable obrigatoria e exclusivamente ás sociedades patrimoniais definidas no capítulo VI do título VII da Lei do imposto sobre sociedades (artigos 61 a 63).

4. Tendo en conta as excepcións a que se refiren os puntos 2 e 3 anteriores, os suxeitos pasivos ou contribuíntes poderán utilizar o modelo 201, que figura como anexo II desta orde, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que non estean obrigados durante 2007 á presentación de autoliquidacións con periodicidade mensual polo imposto sobre o valor engadido e por retencións á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas, do imposto sobre sociedades ou do imposto sobre a renda de non-residentes, ao non superar o seu volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 121 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, a cantidade de 6.010.121,04 euros durante o ano natural en que se inicie o período impositivo que é obxecto de declaración.

b) Que non teñan a obriga de incluír na base imponible do período impositivo obxecto de declaración determinadas rendas positivas obtidas por entidades non residentes en aplicación do establecido no artigo 107 da Lei do imposto sobre sociedades.

c) Que non estean obrigados a levar a súa contabilidade de acordo coas normas establecidas polo Banco de España.

d) Que non se trate de suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades que estean integrados nun grupo fiscal, incluídos os de cooperativas, que tributen polo réxime de consolidación fiscal establecido no capítulo VII do título VII da Lei do imposto sobre sociedades e no Real decreto 1345/1992, do 6 de novembro, polo que se ditan normas para a adaptación das disposicións que regulan a tributación sobre o beneficio consolidado aos grupos de sociedades cooperativas, respectivamente.

e) Que non lles resulte de aplicación obrigatoria o Plan de contabilidade das entidades aseguradoras, aprobado polo Real decreto 2014/1997, do 26 de decembro.

f) Que non determinen a súa base imponible segundo o réxime das entidades navieiras en función da tonelaxe (capítulo XVII do título VII da Lei do imposto sobre sociedades).

g) Que non se trate dunha entidade en réxime de atribución de rendas constituída no estranxeiro con presenza en territorio español, tal como estas se definen no artigo 38 da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes.

h) Que non estean obrigados a tributar conxuntamente polo imposto sobre sociedades á Administración do Estado e ás diferentes administracións forais por razón do volume de operacións.

5. O modelo 220, que figura como anexo IV desta orde, é aplicable aos grupos fiscais, incluídos os de cooperativas, que tributen polo réxime fiscal especial establecido no capítulo VII do título VII da Lei do imposto sobre sociedades e no Real decreto 1345/1992, do 6 de novembro, respectivamente.

**Artigo 2.** *Forma de presentación dos modelos 200, 201, 225 e 220 de declaración do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español).*

1. A presentación das declaracións do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español), modelo 200, efectuarase por vía telemática conforme os formularios e as condicións a que se refire o artigo 6.1 desta orde.

Os declarantes obrigados a levar a súa contabilidade de acordo coas normas establecidas polo Banco de España cubrirán os datos relativos ao balance e conta de perdas e ganancias que, no modelo 200, se incorporan para estes declarantes, en substitución dos que se inclúen con carácter xeral.

Así mesmo, os declarantes aos cales lles sexa de aplicación obrigatoria o Plan de contabilidade das entidades aseguradoras aprobado polo Real decreto 2014/1997, do 26 de decembro, cubrirán os datos relativos ao balance e conta de perdas e ganancias que, no modelo 200, se incorporan para estes declarantes, en substitución dos que se inclúen con carácter xeral.

2. A declaración do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes), modelo 201 ou 225, presentarase conforme o modelo que corresponda dos aprobados no artigo anterior desta orde, asinado polo declarante ou polo representante legal ou representantes legais deste e debidamente cubertos todos os datos que o afecten dos recollidos nel. A presentación das declaracións correspondentes ao modelo 201 será obrigatoria por vía telemática para os supostos mencionados no artigo 5.2 desta orde.

Para a presentación dos devanditos modelos utilizando o modelo pre-impreso, utilizarase o sobre de retorno aprobado no anexo IV da Orde HAC/1163/2004, do 14 de abril, pola que se aproban os modelos de declaración-liquidación do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes correspondente a establecementos permanentes e a entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español para os períodos impositivos iniciados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2003, se ditan instrucións relativas ao procedemento de declaración e ingreso e se establecen as condicións xerais e o procedemento para a súa presentación telemática.

3. Igualmente, serán válidos os modelos de declaración do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes) axustados aos contidos dos modelos 201 e 225 que se xeren exclusivamente mediante a utilización do módulo de impresión desenvolvido para estes efectos pola Axencia Estatal de Administración Tributaria. Os datos impresos nestas declaracións e nos seus correspondentes documentos de ingreso ou devolución prevalecerán sobre as alteracións ou correccións manuais que puidesen conter, polo que estas non producirán efectos ante a Administración tributaria.

Os modelos así xerados presentaranse no sobre de retorno do Programa de axuda aprobado no anexo VI da Orde EHA/702/2006, do 9 de marzo, pola que se aproban os modelos de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio, exercicio 2005, se establece o procedemento de remisión do borrador de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas e as condicións para a súa confirmación ou subscripción, se determinan o lugar, forma e prazos da súa presentación, así como as condicións xerais e o procedemento para a súa presentación por medios telemáticos ou telefónicos.

4. A declaración do imposto sobre sociedades correspondente aos grupos fiscais, incluídos os de cooperativas, que tributen polo réxime de consolidación fiscal establecido no capítulo VII do título VII da Lei do imposto e no Real decreto 1345/1992, do 6 de novembro, respectivamente, presentarase conforme o modelo 220 aprobado no artigo anterior desta orde, asinado polo representante legal ou representantes legais da sociedade dominante ou entidade cabeceira de grupo e debidamente cubertos todos os datos que os afecten dos recollidos nel.

Para a presentación do modelo 220 utilizarase o sobre de retorno aprobado no anexo VII da Orde EHA/1371/2006, do 4 de maio, pola que se aproban os modelos de declaración do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes correspondentes a establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español, para os períodos impositivos iniciados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2005, se ditan instrucións relativas ao procedemento de declaración e ingreso, se establecen as condicións xerais e o procedemento para a súa presentación telemática e se modifican determinadas normas relativas aos pagamentos fraccionados dos citados impostos.

As declaracións que, de conformidade co disposto no punto 3 do artigo 65 da Lei do imposto sobre sociedades, están obrigadas a formular cada unha das sociedades integrantes do grupo, mesmo a sociedade dominante ou entidade cabeceira de grupo, formularanse no modelo 200, que será cuberto en todos os seus extremos, ata cifrar os importes líquidos teóricos que en réxime de tributación individual deberían ser ingresados ou percibidos polas respectivas entidades. As devanditas declaracións presentaranse por vía telemática. Así mesmo, cando na liquidación contida nas devanditas declaracións resulte unha base imponible negativa ou igual a cero, deberanse consignar, non obstante, nos modelos 200, todos os datos relativos a bonificacións e deducións.

No caso anterior, as sociedades dominantes ou entidades cabeceiras de grupos deberán facer constar, na epígrafe correspondente do modelo 220, o código electrónico de cada unha das declaracións individuais das sociedades integrantes deste, incluídas a declaración da sociedade dominante ou entidade cabeceira de grupo, a que se refire o parágrafo anterior.

5. O suxeito pasivo ou contribuínte deberá presentar conxuntamente coa declaración, modelo 200, 201 ou 225, ben mediante a súa introdución no sobre de retorno que corresponda ou ben de acordo co establecido no artigo 7.4 cando a declaración se presente por vía telemática, os seguintes documentos, debidamente cubertos:

a) Fotocopia da tarxeta do número de identificación fiscal, no caso de non dispor de etiquetas identificativas (só presentación en papel).

b) Os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades que inclúan na base imponible determinadas rendas positivas obtidas por entidades non residentes segundo o disposto no artigo 107 da Lei do imposto sobre sociedades, deberán presentar, ademais, os seguintes datos rela-

tivos a cada unha das entidades non residentes en territorio español:

1.º Balance e conta de perdas e ganancias.  
2.º Xustificación dos impostos satisfeitos respecto da renda positiva que deba ser incluída na base imponible.

c) Os contribuíntes polo imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes) incluírán, se é o caso, a memoria informativa a que se refire a letra b) do punto 1 do artigo 18 da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes.

d) Os suxeitos pasivos ou contribuíntes aos cales lles fose aprobada unha proposta para a valoración previa de operacións efectuadas entre persoas ou entidades vinculadas, gastos de actividades de investigación e desenvolvemento, de apoio á xestión e coeficiente de subcapitalización, o informe a que fai referencia o artigo 28 do Regulamento do imposto sobre sociedades.

e) Os suxeitos pasivos aos cales lles resulte de aplicación o establecido, ben no artigo 15 ou ben no artigo 45, ambos os dous do Regulamento do imposto sobre sociedades, presentarán a información prevista nos devanditos artigos.

f) Comunicación da materialización de investimentos anticipados e do seu sistema de financiamento, realizados con cargo a dotacións futuras á reserva para investimentos en Canarias, conforme dispón o punto 10 do artigo 27 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, segundo a súa redacción vixente en 31 de decembro de 2006.

6. A sociedade dominante ou entidade cabeceira de grupo deberá presentar conxuntamente coa declaración, modelo 220, ben mediante a súa introdución no sobre de retorno ben de acordo co establecido no artigo 7.4 cando a declaración se presente por vía telemática, os seguintes documentos, debidamente cubertos:

a) Fotocopia da tarxeta do número de identificación fiscal da sociedade dominante ou entidade cabeceira de grupo, no caso de non dispor de etiquetas identificativas (só presentación en papel).

b) Balance e conta de perdas e ganancias dos grupos de sociedades que non inclúan entidades de crédito e que por aplicación da disposición derradeira décimo primeira da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, formúlasen contas anuais consolidadas aplicando as normas internacionais de información financeira aprobadas polos regulamentos da Comisión Europea. Neste caso, non se cubrirán as páxinas do correspondente modelo 220 destinadas ao activo, pasivo e conta de perdas e ganancias.

7. Para a presentación dos modelos de declaración, nos supostos en que de acordo co disposto no Concerto Económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco, aprobado pola Lei 12/2002, do 23 de maio, ou no Convenio Económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, na redacción dada pola Lei 25/2003, do 15 de xullo, o declarante estea sometido á normativa do Estado ou o grupo fiscal estea suxeito ao réxime de consolidación fiscal correspondente á Administración do Estado e deban tributar conxuntamente a ambas as dúas administracións, estatal e foral, seguiranse as seguintes regras:

a) Para a declaración que se presentará ante a Administración do Estado, a forma e lugar de presentación serán os que correspondan, segundo o modelo de que se trate, dos que se regulan nesta orde. Para a declaración que se presentará ante as deputacións forais do País Vasco ou ante a Comunidade Foral de Navarra, a forma e

lugar serán os que correspondan de acordo coa normativa foral correspondente; deberase efectuar ante cada unha das devanditas administracións o ingreso ou solicitar a devolución que, por aplicación do disposto nos artigos 18 e 20 do Concerto Económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco e os artigos 22 e 27 do Convenio entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, proceda, utilizando os documentos de ingreso e devolución aprobados pola normativa foral sen prexuízo de que, de ser o caso, se poidan presentar os modelos de declaración aprobados no artigo 1.1.a) desta orde.

b) No caso dos grupos fiscais, as sociedades integrantes do grupo presentarán, pola súa vez, as declaracións en réxime de tributación individual, modelo 200, a que se refire o artigo 2.4 desta orde ante cada unha das devanditas administracións tributarias, estatal ou foral, de acordo coas súas normas de procedemento.

*Artigo 3. Lugares de presentación e ingreso dos modelos 201, 225 e 220 de declaración do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes).*

1. Ao tempo de presentaren a declaración, os suxeitos pasivos, contribuíntes ou as sociedades dominantes ou entidades cabeceiras de grupos deberán ingresar a débeda tributaria resultante da autoliquidación practicada.

Para a realización do ingreso da débeda tributaria resultante da autoliquidación practicada deberase utilizar o documento de ingreso ou devolución correspondente dos que figuran nos anexos II, III e IV desta orde.

A presentación e o ingreso resultante da autoliquidación polo imposto sobre sociedades ou polo imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes), practicada mediante os modelos 201, 225 e 220, efectuarase en calquera das entidades colaboradoras na xestión recadatoria (bancos, caixas de aforro ou cooperativas de crédito) sitas en territorio español, para o cal será necesario que a declaración leve adheridas as correspondentes etiquetas identificativas facilitadas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

2. O documento de ingreso ou devolución correspondente dos que figuran nos anexos II, III e IV desta orde deberá ser utilizado polo suxeito pasivo, contribuínte ou sociedade dominante ou entidade cabeceira de grupo cando, da autoliquidación practicada por este, proceda a devolución, a cal se realizará mediante transferencia bancaria sen prexuízo de que se poida ordenar a realización da devolución mediante a emisión de cheque cruzado do Banco de España cando esta non se poida realizar mediante transferencia bancaria.

A presentación dos modelos 201, 225 e 220, cuxo resultado sexa a devolver, efectuarase en calquera entidade colaboradora sita en territorio español, en que o suxeito pasivo, contribuínte ou a sociedade dominante ou entidade cabeceira de grupo teña conta aberta ao seu nome, na cal desexa recibir o importe da devolución, para o cal será necesario que a declaración leve adheridas as correspondentes etiquetas identificativas facilitadas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

3. Malia o disposto no punto anterior, cando o suxeito pasivo contribuínte ou a sociedade dominante non teña conta aberta en entidade colaboradora sita en territorio español, poderase facer constar a devandita circunstancia xuntándolle á declaración escrito dirixido ao delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria en cuxa demarcación territorial teña o suxeito pasivo, contribuínte ou a sociedade dominante ou entidade cabeceira de grupo, quen, á vista deste, e logo das pertinentes comprobacións, ordenará, se procede, a realización da devolución correspondente mediante a emisión de che-

que cruzado do Banco de España. Nos supostos de suxeitos pasivos, contribuíntes ou sociedades dominantes ou entidades cabeceiras de grupos cuxas funcións de xestión estean atribuídas a algunha das unidades de xestión de grandes empresas ou á Delegación Central de Grandes Contribuíntes, o escrito dirixirase, no primeiro caso, ao delegado especial da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda ao seu domicilio fiscal e, de ser o caso, ao delegado da Delegación Central de Grandes Contribuíntes.

Neste suposto, así como cando o suxeito pasivo, contribuínte ou a sociedade dominante ou entidade cabeceira de grupo non poida presentar a declaración a través de entidades colaboradoras segundo o disposto no último parágrafo do punto anterior, os modelos 201, 225 e 220 de declaración presentaranse directamente, mediante entrega persoal, na Delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou calquera das súas administracións dependentes en cuxa demarcación territorial teña o seu domicilio fiscal o suxeito pasivo, contribuínte ou a sociedade dominante ou entidade cabeceira de grupo, ou ben na unidade de xestión de grandes empresas que, de ser o caso, corresponda, ou na Delegación Central de Grandes Contribuíntes.

4. Do mesmo xeito, o documento de ingreso ou devolución correspondente dos que figuran nos anexos II, III e IV desta orde deberá ser utilizado polo suxeito pasivo, contribuínte ou a sociedade dominante ou entidade cabeceira de grupo se no período impositivo non existe líquido a ingresar ou a devolver ou cando o suxeito pasivo, contribuínte ou a sociedade dominante ou entidade cabeceira de grupo renuncie á devolución resultante da autoliquidación practicada.

Nestes supostos os modelos 201, 225 e 220 de declaración presentaranse nos lugares expresados no último parágrafo do punto 3 anterior. A presentación poderase realizar directamente, mediante entrega persoal nas devanditas oficinas, ou por correo certificado dirixido a estas.

5. Os suxeitos pasivos ou as sociedades dominantes ou entidades cabeceiras de grupos que estean acollidos ao sistema de conta corrente en materia tributaria regulado no Real decreto 1108/1999, do 25 de xuño, presentarán o correspondente modelo, 201, 225 ou 220 de acordo coas regras previstas no punto sexto da Orde do 30 de setembro de 1999 pola que se aproba o modelo de solicitude de inclusión no sistema de conta corrente en materia tributaria, se establece o lugar de presentación das declaracións tributarias que xeren débedas ou créditos que se deban anotar na devandita conta corrente tributaria e se desenvolve o disposto no Real decreto 1108/1999, do 25 de xuño, polo que se regula o sistema de conta corrente en materia tributaria.

**Artigo 4. *Pagamento das débedas tributarias resultantes das declaracións do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes correspondente a establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español, modelos 200, 201, 225 e 220, mediante domiciliación bancaria.***

1. Os suxeitos pasivos, contribuíntes ou as sociedades dominantes ou entidades cabeceiras de grupos cuxo período impositivo coincida co ano natural, que efectúen a presentación telemática da declaración do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español), poderán utilizar como medio de pagamento das débedas tributarias resultantes desta a domiciliación bancaria na entidade de depósito

que actúe como colaboradora na xestión recadatoria (banco, caixa de aforro ou cooperativa de crédito), sita en territorio español, na cal estea aberta ao seu nome a conta en que se domicilia o pagamento.

2. A domiciliación bancaria a que se refire o parágrafo anterior poderase realizar desde o día 1 de xullo ata o 19 de xullo de 2007, ambos os dous inclusive.

3. A Axencia Estatal de Administración Tributaria comunicarlle a orde ou ordes de domiciliación bancaria do suxeito pasivo, contribuínte ou da sociedade dominante ou entidade cabeceira de grupo á entidade colaboradora sinalada, a cal procederá, na data en que se lle indique, que coincidirá co último día de pagamento en período voluntario, a cargar en conta o importe domiciliado, ingresándoo na conta restrinxida de colaboración na recadación dos tributos. Posteriormente, a citada entidade remitiralle ao contribuínte xustificante do ingreso realizado, de acordo coas especificacións recollidas no anexo V desta orde, que servirá como documento acreditativo do ingreso efectuado no Tesouro público.

4. As persoas ou entidades autorizadas a presentar por vía telemática, nos termos establecidos no artigo 5 desta orde, declaracións en representación de terceiras persoas, de acordo co disposto no Real decreto 1377/2002, do 20 de decembro, que desenvolve a colaboración social na xestión dos tributos para a presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios, e na Orde HAC/1398/2003, do 27 de maio, pola que se establecen os supostos e condicións en que se poderá facer efectiva a colaboración social na xestión dos tributos, e se estende esta expresamente á presentación telemática de determinados modelos de declaración e outros documentos tributarios, poderán, por esta vía, dar traslado das ordes de domiciliación que previamente lles comunicasen os terceiros que representan.

5. En todo caso, os pagamentos entenderanse realizados na data de cargo en conta das domiciliacións, considerándose xustificante do ingreso realizado o que para tal efecto expida a entidade de depósito nos termos sinalados no punto 3 anterior.

**Artigo 5. *Ámbito de aplicación do sistema de presentación telemática de declaracións do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes correspondente a establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español.***

1. A presentación telemática de declaracións do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español), modelo 200, correspondente á Administración do Estado, terá carácter obrigatorio.

As declaracións que deban presentar ante a Administración do Estado contribuíntes sometidos á normativa foral poderán utilizar o modelo 200 aprobado nesta orde efectuando a súa presentación por vía telemática. Cando se presenten utilizando o modelo aprobado pola normativa foral correspondente, deberanse utilizar os documentos de ingreso ou devolución que se aproban no anexo I desta orde, que se poderán obter na páxina da Axencia Estatal de Administración Tributaria na internet, enderezo electrónico [www.agenciatributaria.es](http://www.agenciatributaria.es); neste caso, os lugares de presentación e ingreso serán os que se establecen para os modelos 201, 220 e 225 no artigo 3 desta orde.

2. A presentación telemática de declaracións do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes) poderá ser efectuada polos suxeitos pasivos do imposto sobre

sociedades e polos contribuíntes do imposto sobre a renda de non-residentes que poidan utilizar o modelo 201 de declaración simplificada aprobado por esta orde.

A devandita presentación telemática terá carácter obrigatorio para os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades que teñan a forma de sociedade anónima ou sociedade de responsabilidade limitada e cuxo período impositivo finalice con data do 31 de decembro de 2006 ou posterior.

3. Así mesmo, as sociedades patrimoniais poderán presentar por vía telemática as súas declaracións do imposto sobre sociedades, modelo 225 correspondente á Administración do Estado, salvo que non poidan utilizar o programa de axuda a que se refire o artigo 6.1 seguinte.

4. Iguamente, as sociedades dominantes ou entidades cabeceiras de grupos poderán presentar por vía telemática a declaración do imposto sobre sociedades, modelo 220 correspondente á Administración do Estado.

5. Para a obtención das declaracións que se deban presentar ante as deputacións forais do País Vasco e a Comunidade Foral de Navarra, mencionadas no artigo 2.7 desta orde, os suxeitos pasivos ou contribuíntes poderanse conectar á páxina da Axencia Estatal de Administración Tributaria na internet, enderezo electrónico [www.agenciatributaria.es](http://www.agenciatributaria.es) e, dentro da oficina virtual, imprimir un exemplar da declaración presentada ante a Administración do Estado, para a súa presentación ante as deputacións forais do País Vasco e ante a Comunidade Foral de Navarra, utilizando como documento de ingreso ou devolución o que corresponda dos aprobados polas deputacións forais do País Vasco e pola Comunidade Foral de Navarra.

6. As persoas ou entidades autorizadas a presentar por vía telemática declaracións en representación de terceiras persoas, de acordo co disposto no Real decreto 1377/2002, do 20 de decembro, que desenvolve a colaboración social na xestión dos tributos para a presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios, e na Orde HAC/1398/2003, do 27 de maio, pola que se establecen os supostos e as condicións en que se poderá facer efectiva a colaboración social na xestión dos tributos, e se estende esta expresamente á presentación telemática de determinados modelos de declaración e outros documentos tributarios, poderán facer uso da dita facultade respecto das declaracións que se aproban nesta orde.

7. A partir do 25 de xullo de 2011 non se poderá efectuar a presentación telemática da declaración do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes), modelos 201 (supostos non obrigatorios por vía telemática), 225 e 220 prevista nesta orde. Transcorrida a devandita data, deberase efectuar a presentación da declaración mediante o correspondente modelo de impreso.

**Artigo 6. Condicións xerais para a presentación telemática das declaracións do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes correspondente a establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español.**

1. Requisitos para a presentación telemática de declaracións do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes correspondente a establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español. A presentación telemática das declaracións estará suxeita ás seguintes condicións:

a) O declarante deberá dispor de número de identificación fiscal (NIF).

b) O declarante deberá ter instalado no navegador un certificado de usuario X.509.V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, ou calquera outro certificado electrónico admitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acordo co establecido na Orde HAC/1181/2003, do 12 de maio, pola que se establecen normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións tributarias por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria. Se a presentación telemática a realizase unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, será a devandita persoa ou entidade autorizada quen deberá ter instalado no navegador o seu certificado de usuario.

c) Para realizar a presentación telemática da declaración do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes correspondente a establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español (modelos 200 ou 220) o suxeito pasivo, contribuínte ou a sociedade dominante ou entidade cabeceira de grupo deberase conectar á páxina da Axencia Estatal de Administración Tributaria na internet, enderezo electrónico [www.agenciatributaria.es](http://www.agenciatributaria.es), e descargará, dentro da oficina virtual, un programa que lle permitirá cubrir os formularios axustados ao contido do citado modelo aprobado por esta orde que aparecerán na pantalla do ordenador, e obter o ficheiro coa declaración que se vai transmitir, ou ben transmitir co mesmo programa un ficheiro das mesmas características que o que se xera ao cubrir os citados formularios.

d) Para efectuar a presentación telemática da declaración do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes correspondente a establecementos permanentes (modelo 201), ou a do imposto sobre sociedades para sociedades patrimoniais (modelo 225), o suxeito pasivo ou contribuínte deberá utilizar previamente un programa de axuda para obter o ficheiro coa declaración que vai transmitir. Este programa poderá ser o programa de axuda para o modelo 201 ou o modelo 225, desenvolvidos pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, ou outro que obteña un ficheiro co mesmo formato.

2. Simultaneidade do ingreso e a presentación telemática da declaración. Tratándose de declaracións a ingresar, a transmisión telemática da declaración deberase realizar na mesma data en que teña lugar o ingreso resultante desta. Non obstante o anterior, no caso de que existan dificultades técnicas que impidan efectuar a transmisión telemática da declaración na mesma data do ingreso, poderase realizar a devandita transmisión telemática ata o segundo día hábil seguinte ao do ingreso.

3. Presentación de declaracións con deficiencias de tipo formal. Naqueles casos en que se detecten anomalías de tipo formal na transmisión telemática de declaracións, a dita circunstancia porase en coñecemento do declarante polo propio sistema mediante as correspondentes mensaxes de erro, para que proceda á súa emenda.

**Artigo 7. Procedemento para a presentación telemática das declaracións do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes correspondente a establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español.**

1. Se se tratar de declaracións a ingresar, o procedemento para a súa presentación será o seguinte:

a) O declarante porase en comunicación coa entidade colaboradora por vía telemática ou acudindo ás

súas oficinas para efectuar o ingreso correspondente e facilitar os seguintes datos:

1.º NIF do suxeito pasivo, contribuínte ou sociedade dominante ou entidade cabeceira de grupo (9 caracteres).

2.º Período a que corresponde a declaración =0A (ceros).

3.º Documento de ingreso ou devolución:

Imposto sobre sociedades =200. Exercicio fiscal 2006.

Imposto sobre sociedades =201. Exercicio fiscal 2006.

Imposto sobre sociedades (sociedades patrimoniais) =225. Exercicio fiscal 2006.

Imposto sobre sociedades (grupos fiscais) =220. Exercicio fiscal 2006.

Imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español) =206. Exercicio fiscal 2006.

4.º Tipo de autoliquidación = «I» Ingreso.

5.º Importe a ingresar (deberá ser maior que cero), expresado en euros.

A entidade colaboradora, unha vez contabilizado o importe, asignará un número de referencia completo (NRC) que xerará informaticamente mediante un sistema criptográfico que relacione de forma unívoca o NRC co importe a ingresar.

Ao mesmo tempo remitirá ou entregará, segundo a forma de transmisión dos datos, un recibo que conterá como mínimo os datos sinalados no anexo VI desta orde.

b) O declarante, unha vez realizada a operación anterior, conectarase á páxina da Axencia Estatal de Administración Tributaria na internet, enderezo electrónico [www.agenciatributaria.es](http://www.agenciatributaria.es), e seleccionará, dentro da oficina virtual, o concepto fiscal e o tipo de declaración que vai transmitir. Unha vez seleccionado, introducirá o NRC subministrado pola entidade colaboradora, salvo que estea exceptuado de ingresar a débeda tributaria por estar integrado nun grupo fiscal, incluídos os de cooperativas, que tributen polo réxime fiscal especial establecido no capítulo VII do título VII da Lei do imposto sobre sociedades e no Real decreto 1345/1992, que se acollese ao procedemento de pagamento mediante domiciliación bancaria previsto no artigo 4 desta orde ou que se acollese ao sistema de conta corrente en materia tributaria.

c) A continuación, procederá a transmitir a correspondente declaración coa sinatura electrónica xerada ao seleccionar o certificado de usuario X.509.V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, ou calquera outro certificado electrónico admitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

d) Se a declaración é aceptada, a Axencia Estatal de Administración Tributaria devolveralle en pantalla os datos do documento de ingreso ou devolución, modelo 200, 201, 225, 220 ou 206 segundo corresponda, validados por un código electrónico de 16 caracteres, ademais da data e hora de presentación.

No suposto de que a presentación fose rexeitada, mostrarase en pantalla a descrición dos erros detectados. Neste caso, deberase proceder a emendalos co programa de axuda con que se xerou o ficheiro, ou nos formularios de entrada, ou repetindo a presentación se o erro fose orixinado por outro motivo.

O presentador deberá imprimir e conservar a declaración aceptada, así como, de ser o caso, o documento de

ingreso ou devolución, debidamente validados co correspondente código electrónico.

2. Se o resultado da declaración é a devolver, tanto con solicitude de devolución coma con renuncia a esta, así como se no período impositivo non existe líquido a ingresar ou a devolver, procederase como segue:

a) O declarante conectarase á páxina da Axencia Estatal de Administración Tributaria na internet, enderezo electrónico [www.agenciatributaria.es](http://www.agenciatributaria.es), e seleccionará, dentro da oficina virtual, o concepto fiscal e o tipo de declaración que vai transmitir.

b) A continuación, procederá a transmitir a correspondente declaración coa sinatura electrónica xerada ao seleccionar o certificado de usuario X.509.V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, ou calquera outro certificado electrónico admitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

c) Se a declaración é aceptada, a Axencia Estatal de Administración Tributaria devolveralle en pantalla os datos do documento de ingreso ou devolución, modelo 200, 201, 225, 220 ou 206 segundo corresponda, validado cun código electrónico de 16 caracteres, ademais da data e hora de presentación.

No suposto de que a presentación fose rexeitada, mostrarase en pantalla a descrición dos erros detectados. Neste caso, deberase proceder a emendalos co programa de axuda con que se xerou o ficheiro, ou nos formularios de entrada, ou repetindo a presentación, se o erro fose orixinado por outro motivo.

O presentador deberá imprimir e conservar a declaración aceptada, así como o documento de ingreso ou devolución debidamente validado co correspondente código electrónico.

3. Se o resultado das declaracións correspondentes aos modelos 200 e 201 (supostos de presentación telemática obrigatoria) é a ingresar e se presentan con solicitude de compensación, adiamento ou fraccionamento, será de aplicación o previsto nos artigos 71 e seguintes da Lei 58/2003, xeral tributaria, e 55 e seguintes do Regulamento xeral de recadación, e nos artigos 65 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e 44 e seguintes do Regulamento xeral de recadación, respectivamente.

O procedemento de transmisión telemática das declaracións con solicitude de adiamento ou fraccionamento, recoñecemento de débeda con solicitude de compensación ou simple recoñecemento de débeda será o previsto nos puntos anteriores, coa particularidade de que, previamente á súa transmisión, os declarantes se deberán conectar, de acordo co procedemento previsto no punto seguinte, ao rexistro telemático da Axencia Estatal de Administración Tributaria e enviar o documento correspondente previsto na normativa para cada tipo de solicitude das mencionadas anteriormente; unha vez enviado correctamente o documento que corresponda, a Axencia Tributaria devolverá en pantalla un número de referencia que obrigatoriamente deberá ser consignado ao enviar as devanditas declaracións.

4. Cando a declaración se presente por vía telemática e os suxeitos pasivos, contribuíntes ou as sociedades dominantes ou entidades cabeceiras de grupos lle deban xuntar a esta calquera documento, solicitude ou manifestación de opcións non recollidos expresamente no propio modelo de declaración, en particular, os que se indican nas letras b), c), d), e) e f) do artigo 2.5 ou na letra b) do artigo 2.6, ambos desta orde, e naqueles casos en que a declaración resulte a devolver, os que



soliciten a devolución mediante cheque cruzado do Banco de España, os ditos documentos, solicitudes ou manifestacións presentaranse no Rexistro telemático xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, para o cal o declarante se deberá conectar á páxina da Axencia Estatal de Administración Tributaria na internet, enderezo electrónico [www.agenciatributaria.es](http://www.agenciatributaria.es), e seleccionar, dentro da oficina virtual, a opción de acceso ao rexistro telemático de documentos e, dentro desta, a referida aos modelos correspondentes aos cales se incorporará a documentación, e proceder a enviar os documentos,

5. Malia o anterior, os suxeitos pasivos ou as sociedades dominantes ou entidades cabeceiras de grupos que estean acollidos ao sistema de conta corrente en materia tributaria deberán ter en conta o procedemento establecido na Orde do 22 de decembro de 1999 pola que se establece o procedemento para a presentación telemática das declaracións-liquidacións que xeren débedas ou créditos que se deban anotar na conta corrente en materia tributaria.

**Artigo 8.** *Prazo de presentación dos modelos 200, 201, 225 e 220 de declaración do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español) por medio de papel impreso ou por vía telemática.*

1. De acordo co disposto no punto 1 do artigo 136 da Lei do imposto sobre sociedades, os modelos 200, 201 e 225 de declaración do imposto sobre sociedades aprobados no artigo 1 desta orde presentaranse no prazo dos vinte e cinco (25) días naturais seguintes aos seis meses posteriores á conclusión do período impositivo.

Os suxeitos pasivos cuxo prazo de declaración se iniciase con anterioridade á entrada en vigor desta orde, conforme o disposto no parágrafo anterior, deberán presentar a declaración dentro dos vinte e cinco (25) días naturais seguintes ao da entrada en vigor desta mesma orde, salvo que optasen por presentar a declaración utilizando os modelos contidos na Orde EHA/1371/2006, do 4 de maio, que aprobou os aplicables aos períodos impositivos iniciados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2005; neste caso o prazo de presentación será o sinalado no parágrafo anterior.

2. De acordo co disposto nos artigos 21 e 38 da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, o modelo 200 de declaración do imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español) e o modelo 201 de declaración do imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes), aprobados no artigo 1 desta orde, presentaranse no prazo dos vinte e cinco (25) días naturais seguintes aos seis meses posteriores á conclusión do período impositivo.

Non obstante o anterior, cando, de conformidade co establecido no punto 2 do artigo 20 da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, se entenda concluído o período impositivo polo cesamento na actividade dun establecemento permanente ou, doutro modo, se realice a desafectación do investimento no seu día efectuado respecto do establecemento permanente, así como nos supostos en que se produza a transmisión do establecemento permanente a outra persoa física ou entidade, aqueles cuxa casa central traslade a súa residencia, e cando faleza o titular do establecemento permanente, o prazo de presentación será dun mes a partir da data en que se produza calquera dos supostos mencionados neste parágrafo.

Así mesmo, as entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español, no caso de cesaren na súa actividade, disporán do prazo dun mes a partir da data en que se produza o cesamento para presentaren a declaración do imposto sobre a renda de non-residentes.

Os contribuíntes a que se refire este punto cuxo prazo de declaración se iniciase con anterioridade á data de entrada en vigor desta orde, deberán presentar a declaración dentro dos vinte e cinco días naturais seguintes ao da devandita data, salvo que optasen por presentar a declaración utilizando os modelos e de acordo co procedemento contidos na Orde EHA/1371/2006, do 4 de maio, anteriormente citada; neste caso o prazo de presentación será o sinalado nos parágrafos anteriores, segundo corresponda.

3. De acordo co disposto no punto 2 do artigo 82 da Lei do imposto sobre sociedades, o modelo 220 de declaración aprobado no artigo 1 desta orde presentárase dentro do prazo correspondente á declaración en réxime de tributación individual da sociedade dominante ou entidade cabeceira de grupo.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 17 de maio de 2007.–O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

*(Os modelos que se aproban nesta orde están dispoñibles, en castelán, no «BOE 125, do 25-5-2007»)*

## MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

**10487** *REAL DECRETO 596/2007, do 4 de maio, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño. («BOE» 125, do 25-5-2007.)*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, inclúe as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño no seu capítulo VI sobre ensinanzas artísticas, e organízalas en ciclos de formación específica cuxa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais das artes plásticas e o deseño.

Esta lei establece para as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño unha semellanza coas ensinanzas de formación profesional en canto ao nivel académico dos estudos, a súa organización en ciclos de grao medio e de grao superior, a estrutura modular das súas ensinanzas e a súa finalidade, que é, en ambos os casos, a incorporación ao mundo profesional. Ademais, a lei consolida aquelas especificidades propias das ensinanzas artísticas que se asentán nunha formación polivalente para favorecer o desenvolvemento das capacidades e destrezas vinculadas ao dominio da linguaxe artístico-plástica, a cultura artística, o coñecemento dos materiais e a tecnoloxía,